



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 03.10.2014 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

3. PROCEDIMENTO PATRIMONIAL PARA A ADXUDICACIÓN DAS 28 VIVENDAS MUNICIPAIS NA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA, NÚM. 12-14 DECLARADAS DESERTAS NA POXA PÚBLICA PRECEDENTE. EXP. 1806/433.

Antecedentes:

O día 23.09.2014 o técnico de administración xeral co conforme da xerente de Urbanismo:

I.- ANTECEDENTES

1.- O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 07.03.2014, incoou formalmente o procedemento para o alleamento, por poxa pública á alza en sobre pechado, de 40 vivendas municipais sitas no edificio da rúa República Argentina, 12-14 (exp. 1768/433).

Xúntase copia do citado acordo ao presente expediente, así como do informe da arquitecta municipal comprensivo das valoracións económicas aprobadas no citado acordo como tipos de licitación.

2.- O 27.03.2014, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo aprobou o prego de condicións económico-administrativas que rexerían o procedemento, aprobou o procedemento patrimonial e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación.

Incorpórase ao presente expediente copia da certificación do citado acordo.

3.- Logo dos trámites oportunos, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 04.07.2014, resolveu o procedemento de poxa pública, adxudicando 12 lotes e declarando desertos os 28 restantes, de conformidade coa proposta formulada pola Mesa de contratación.

Os lotes adxudicados, son os indicados na seguinte táboa, sendo o resto os declarados desertos:

LOTES DESERTOS NA POXA E CORRESPONDENCIA COAS VIVENDAS							
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º
A	LOTE 1	adxudicado	adxudicado	adxudicado	adxudicado	adxudicado	
B	LOTE 2	LOTE 8	LOTE 14	LOTE 20	adxudicado	adxudicado	LOTE 37
C	LOTE 3	LOTE 9	LOTE 15	LOTE 21	LOTE 27	LOTE 33	LOTE 38
D	LOTE 4	LOTE 10	LOTE 16	adxudicado	LOTE 28	LOTE 34	adxudicado
E	LOTE 5	LOTE 11	adxudicado	LOTE 23	LOTE 29	adxudicado	LOTE 40
F	LOTE 6	LOTE 12	LOTE 18	LOTE 24	LOTE 30	adxudicado	



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

Ao igual que cos acordos anteriormente indicados, obtense polo técnico que subscribe, de forma directa e inmediata, copia da certificación do citado acordo, quedando en todo caso reseñada a procedencia dos orixinais aos efectos que proceda.

4.- O 16.09.2014, o técnico que subscribe elaborou unha proposta de prego de condicións económico administrativas para a adxudicación das vivendas declaradas desertas, que foi informada favorablemente polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo por informe de 23.09.2014.

II.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo; *Boletín Oficial do Estado* -BOE- n.º 154, de 26.06.2008 (TRLR 2008)
- Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; *Diario Oficial de Galicia* -DOG- n.º 252, de 31.12.2002 (LOUGA)
- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; BOE n.º 264, de 04.11.2003 (LPAP)
- Real decreto 1373/2009, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei do patrimonio das administracións públicas; BOE n.º 226, de 18.09.2009 (RXLPAP)
- Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais; BOE n.º 161, de 07.07.1986 (RBEL)
- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector público; BOE n.º 276, de 16.11.2011 (TRLRSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público; BOE n.º 118, de 15.05.2009
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas; BOE n.º 257, de 26.10.2001 (RXLCAP)
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; BOE n.º 285, de 27.11.1992
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local; BOE n.º 80, de 03.03.1985 (LBRL)
- Real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; BOE n.º 96, de 22.04.1986 (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; DOG n.º 149, de 05.08.1997 (LALGA)
- Código civil; BOE n.º 206, 25.07.1889 (CC)
- Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010; BOP n.º 193, de 06.10.2010

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

1.- Consideracións previas

a) Marco normativo

Reprodúcense, en tanto son plenamente coincidentes, as consideracións previas contidas no informe-proposta de incoación de procedemento da poxa pública das vivendas municipais da rúa República Argentina, 12-14, de que trae causa o presente, no que se expón o marco normativo e as dificultades derivadas da súa dispersión en diversos corpos legais, aplicables de forma directa, supletoria ou por remisión normativa expresa ou tácita:

a) No presente expediente, cuxo obxecto é o alleamento por lotes de vivendas integradas no Patrimonio Municipal do Solo, concorren unha serie de especificidades procedimentais dignas de mención, que se derivan da concorrencia da normativa sobre patrimonio das administracións públicas, da normativa sobre contratación administrativa, da normativa sobre réxime local e, finalmente, da normativa sectorial urbanística, toda vez que o art. 16.1 do RBEL remite a regulación do PMS á súa normativa específica.

Segundo o establecido no artigo 4.1.p) do TRLCSP, están excluídos da súa aplicación os contratos e negocios xurídicos “[...] de compravenda, doazón, permuta, arrendamento e demais negocios xurídicos análogos sobre bens inmoables [...], que terán sempre o carácter de contratos privados e se rexerán pola lexislación patrimonial [...]”.

Esta previsión resulta concordante coa redacción conferida ao art. 177 da LOUGA pola Lei 2/2010, de 25 de marzo, que remite para o alleamento ou permuta dos bens integrantes do PMS á “[...] forma establecida na lexislación reguladora dos patrimonios das administracións públicas [...]”.

b) A remisión xenérica á normativa patrimonial, debe entenderse consonte o sistema de fontes recollido nos apartados 2 e 3 do art. 1 do RBEL, que sinala que:

“2. O réxime de bens das Entidades locais rexerase:

- a. Pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local*
- b. Pola lexislación básica do Estado reguladora do Réxime Xurídico dos Bens das Administracións Públicas*
- c. Pola lexislación que no ámbito das súas competencias diten as Comunidades Autónomas*
- d. En defecto da lexislación a que se refiren os apartados anteriores, pola lexislación estatal non básica en materia de réxime local e bens públicos*
- e. Polas ordenanzas propias de cada entidade*
- f. Supletoriamente polas restantes normas dos ordenamentos xurídicos administrativo e civil.*

3. En todo caso, aplicarase o dereito estatal de conformidade co artigo 149.3 da Constitución.”



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

A remisión efectuada polo RBEL á lexislación básica do Estado en materia de bens públicos enténdese efectuada á LPAP e o RXLPAP -se ben a propia LPAP concreta na súa Disposición Final segunda os artigos que teñen o carácter de básicos, carácter que se estende pola Disposición Final terceira aos preceptos do RXLPAP que desenvolvan os artigos básicos da LPAP-; as Seccións I e II) do Capítulo V do Título V da LPAP conteñen os artigos referidos ao alleamento de bens inmoables, se ben non teñen o carácter de básicos, condición que se predica tamén dos artigos do RXLPAP que os desenvolven.

Teñen tamén o carácter de lexislación básica estatal os preceptos do RBEL, en canto desenvolvan leis estatais de carácter básico, e as disposicións do Título VI do TRRL que teñan tal condición consonte o disposto na Disposición Final 7.ª 1.b.

c) A normativa patrimonial contén numerosas remisións á normativa de contratación administrativa (así, o art. 110.1 da LPAP -de carácter non básico- que se remite a ela de forma supletoria), resultando especialmente relevante para os efectos do presente expediente o art. 112.1 do RBEL, que dispón de forma taxativa que

“Las enajenaciones de bienes patrimoniales se regirán en cuanto su preparación y adjudicación por la normativa reguladora de la contratación de las Corporaciones Locales.”

A normativa reguladora da contratación das entidades locais está constituída polo TRLCSP, e polos escasos artigos da normativa de réxime local que non foron derogados por esta (nomeadamente o TRRL, e para a nosa Comunidade Autónoma a LALGA), se ben o art. 4.1.p) da TRLCSP, como se expuxo anteriormente, establece expresamente que os contratos e negocios xurídicos sobre bens inmoables están excluídos do obxecto da súa regulación, aos que remite ao réxime da lexislación patrimonial.

Esta aparente contradición sálvese en vía interpretativa, asumindo a tese da “Junta Consultiva de Contratación Administrativa” (JCCA), que no seu Informe 25/08, de 29 de xaneiro de 2009, titulado «Régimen jurídico aplicable a los procedimientos y formas de adjudicación de los contratos patrimoniales celebrados por una entidad local», no que se sometían á súa consideración cuestións análogas, conclúe o seguinte:

“Por lo expuesto, la Junta Consultiva de Contratación Administrativa entiende que el régimen jurídico aplicable a los procedimientos y formas de adjudicación de los contratos patrimoniales celebrados por una entidad local como consecuencia de quedar los mismos excluidos del ámbito de aplicación de la Ley de Contratos del Sector Público, es el que resulta de las normas establecidas en la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, de Patrimonio de las Administraciones Públicas y de las normas que la complementan y, en especial, por el Reglamento de Bienes de las Entidades Locales, así como, en su caso, por las normas promulgadas sobre tal materia por las Comunidades Autónomas respecto de las normas declaradas no básicas, siendo de aplicación las normas sobre preparación y adjudicación de contratos de la Ley 30/2007, cuando la las normas patrimoniales así lo expresen.”

d) As normas autonómicas aplicables en materia de contratación a que se fai referencia no informe da JCCA, serían para o ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia as



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

contidas no Capítulo III do Título VII da LALGA.

Estes preceptos da LALGA teñen un contido análogo -e mesmo mimético- ao das normas de contratación contidas no Capítulo III do Título VI do TRRL, na súa versión vixente no momento de promulgación da LALGA. As normas relativas á contratación contidas no TRRL foron expresamente derogadas na Disposición derogatoria Única da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público (LCSP, hoxe, refundida no TRLCSP), polo que, por versar sobre materias básicas de competencia estatal, parte da doutrina considera que coa aprobación da LCSP se produciu unha derogación tácita dos preceptos autonómicos contrarios á mesma.

Neste senso, pode destacarse o Ditame 5/2008, de 27 de maio, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia, no que -tras citar as STSS de 30.05.2000, de 21.02.2001, de 22.06.2004, e de 20.11.2006, así como os Ditames da JCCA estatal 51/2002 e 56/2007, con base á discrepancia entre a anterior Lei de contratos das Administracións públicas e o TRRL- este órgano consultivo autonómico manifesta que disente da doutrina sucesiva da JCCA estatal sobre a derogación tácita da normativa autonómica de referencia (a LALGA), con base no art. 28 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, consonte o cal corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento lexislativo e execución da lexislación estatal en materia de contratos.

Tal atribución competencial, segundo a XCCA galega, esténdese ao ditado de normas complementarias ou de detalle, que no suposto sometido a ditame se concretaban na procedencia de manter o sistema de dobre anuncio do art. 326 da LALGA en detrimento do de anuncio único previsto no actual art. 142 do TRLCSP.

e) En atención ao exposto, no presente procedemento aplicaranse as determinacións da normativa patrimonial e, por remisión, as normas de preparación e adxudicación propias do TRLCSP, de forma que se respecten os principios e criterios propios de cada ámbito normativo, en canto resulten aplicables e compatibles en atención ás especialidades propias das entidades locais.

Así mesmo, respectarase o sistema de dobre anuncio previsto no art. 326 da LALGA, en atención ao Ditame 5/2008 da XCCA galega anteriormente indicado, que se ben non se comparte polo técnico que subscribe en canto supón o incremento dos gastos o do tempo da tramitación do expediente, goza na práctica da virtualidade de outorgar unha maior difusión aos actos do procedemento, o cal redundará nunha xestión acorde co principio xeral de transparencia e participación positivizado no art. 3.5 da Lei 30/1992.

No tocante ao resto de normas de contratación recollidas na LALGA que non son complementarias ou de detalle senón que regulan materias básicas atribuídas constitucionalmente á lexislación estatal (art. 149.1.18ª da Constitución, en relación coa Disposición Final 2ª.3 do TRLCSP), estarase a esta última.

b) Posibilidade de utilización da figura da adxudicación directa dos lotes desertos



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

b.1.- O art. 137.1 da LPAP (non básico, aplicable de forma supletoria consonte o marco recollido no apartado anterior) establece como formas de alleamento dos bens patrimoniais o concurso, a poxa e a adxudicación directa.

O artigo 137.4.d) da LPAP, á súa vez, establece que se poderá acudir á adxudicación directa cando fose declarada deserta a poxa ou concurso promovidos para o alleamento, sempre que non transcorrese máis dun ano desde a celebración dos mesmos, e o contrato se celebre en termos non inferiores aos anunciados no procedemento precedente.

b.2.- A propia LOUGA recolle unha previsión análoga dentro das especialidades do alleamento de parcelas do PMS no seu art. 177.2 *in fine*, ao establecer que cando o procedemento de concurso quedara deserto, “[...] poderá allearse directamente dentro do prazo máximo dun ano, nas mesmas condicións”.

Neste punto cómpre sinalar que a redacción do citado precepto é tributaria da versión orixinaria do artigo 177 da LOUGA, que foi modificado pola Lei 2/2010 no senso de eliminar o concurso como negocio xurídico único para o alleamento de bens do PMS, substituíndoo por unha remisión xenérica á forma prevista na normativa reguladora dos patrimonios das Administracións públicas, e alterando substancialmente a calidade sistemática do artigo.

En consecuencia, o suposto habilitante da venda directa tras a declaración como deserto dun concurso precedente contida no art. 177.2 da LOUGA cabe ser entendida nos xustos termos da modificación antedita, e en consecuencia, aplicable para os casos en que o procedemento declarado deserto fose tramitado por calquera dos procedementos previstos na normativa reguladora dos patrimonios das Administracións públicas.

b.3.- O TRRL, norma contemporánea do RBEL -e a cuxas normas de contratación se remitía este-, prevé no seu art. 80 que o negocio xurídico de referencia para o alleamento de bens inmoables por parte das entidades locais é a poxa pública, sen prexuízo da excepción contemplada no citado precepto, relativa á permuta por outros bens inmobiliarios.

Atendendo ao contexto intranormativo do art. 80 do TRRL no momento da súa promulgación, é dicir, aos preceptos contidos no propio corpo legal consonte aos cales se realiza a interpretación sistemática, o art. 120.1 do propio texto legal prevía expresamente a posibilidade de acudir á adxudicación directa (denominada entón “contratación directa”) nunha serie de supostos taxados, análogos polo demais aos previstos no art. 137 da LPAP, entre os que se contaba no seu apartado 6º o seguinte:

“Los que no llegaran a adjudicarse por falta de licitadores, porque las proposiciones presentadas no se hayan declarado admisibles, o porque, habiendo sido adjudicadas, el empresario no cumpla las condiciones necesarias para llevar a cabo la formalización del contrato, siempre, en todos los casos indicados, que se acuerden con sujeción a las mismas condiciones y precio no superior a los anunciados, a no ser que por la Corporación se acuerde sacarlos nuevamente a la licitación en las condiciones que en cada caso se establezcan.”

Esta norma, así como o suposto de feito habilitante para acudir á contratación directa (a declaración de deserto) é análogo ao previsto na normativa patrimonial actual, nomeadamente, a LPAP (art. 137.4.d) e no noso ámbito de autonomía territorial a Lei 5/2011, de 30 de setembro, de patrimonio da



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

Comunidade Autónoma de Galicia (art. 77.c), e constituía o mecanismo de peche consonte ao cal se podía proceder á adxudicación directa dos bens inmobles declarados desertos nun procedemento de poxa pública anterior, coas limitacións obxectivas e temporais derivadas da norma.

Porén, este artigo foi derogado pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, o cal unido á expresa exclusión do seu ámbito normativo dos contratos patrimoniais, determinou a creación dunha lagoa legal nos procedementos patrimoniais tramitados polas entidades locais, que pasaron a carecer dunha norma de aplicación directa que resolvese os supostos anteditos, e que dese razón de ser e efectos prácticos ás declaracións como desertos dos procedementos de poxa pública tramitados para o alleamento de bens inmobles patrimoniais.

b.4.- A falta de normativa autonómica aplicable para colmar esta lagoa (a LALGA reproduce mimeticamente as disposicións do TRRL), e consonte o réxime de fontes indicado no RBEL, son de aplicación os preceptos da lexislación estatal non básica en materia de bens públicos (art. 1.2.d do RBEL, en relación co art. 1.2.f e 1.3).

En consecuencia, resulta de aplicación supletoria o art. 137.4 da LPAP, e polo tanto, resultaría aplicable na Administración local o procedemento de adxudicación directa para os bens inmobles declarados desertos nos procedementos de poxa pública (ou concurso público, segundo os casos).

Á mesma conclusión chegaríase en vía interpretativa no suposto de que se considerase que o réxime de fontes establecido no RBEL carece de validez -tese non carente de sustento doutrinal-, dada a supletoriedade do dereito estatal nos supostos de lagoas na normativa das Comunidades Autónomas, prevista no art. 149.3 da Constitución.

b.5.- Porén, a Dirección General de los Registros y el Notariado (DGRN) mantén unha postura contraria nas súas resolucións, consolidada tras a emisión dun número importante de resolucións no mesmo sentido, considerando que as entidades locais só poden acudir, exclusivamente, ao procedemento de poxa pública para o alleamento de bens inmobles. Baixo a consideración deste órgano, ante a declaración de deserta dunha poxa pública, o que procedería é a convocatoria de sucesivas poxas, con carácter indefinido.

Estas resolucións baséanse, fundamentalmente, na literalidade estricta do art. 80 do TRRL (que prevé a poxa para o alleamento dos bens inmobles patrimoniais das entidades locais), unido á unha interpretación do marco normativo contrario á aplicación supletoria dos preceptos da LPAP que non teñen o carácter de básicos.

Entre as resolucións da DGRN neste sentido, cabe destacar a recente de 12.06.2013, publicada no BOE n.º 166, de 12.07.2013, que cita unha serie de resolucións anteriores do mesmo órgano directivo coas que entende que se consolida a doutrina (02.07.2004, 03.01.2005, 18.05.2005, 13.03.2007, 27.10.2007, 25.03.2008, 13.05.2009, 08.03.2012).

Fronte á esta interpretación da DGRN, álzase a práctica totalidade da doutrina administrativa; cabe sinalar, polo exhaustivo dos estudos realizados, o traballo do profesor D. José Gerardo Gómez Melero titulado *“La aplicación del derecho supletorio por las Entidades Locales. Por ejemplo, la enajenación directa o procedimiento negociado de los bienes inmuebles locales, previa declaración desierta”*, publicado o 29.10.2006 en *“El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados”* (LALEY, 2947/2006).



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

Órganos consultivos autonómicos de contratación administrativa comparten a mesma tese, como o Consello Consultivo de Castilla-La Mancha, que no Ditame n.º 91/2011, de 27 de abril, conclúe o seguinte tras analizar concienzudamente a figura e o marco normativo aplicable:

“En mérito de lo expuesto, el Consejo Consultivo de Castilla-La Mancha es de dictamen:

Que en el ámbito local objeto de análisis, aunque persista la consideración de la subasta como sistema ordinario y preferente de adjudicación en la enajenación de bienes inmuebles de carácter patrimonial, ello no es óbice para que quepa recurrir a la venta o adjudicación directa en los supuestos contemplados y relacionados en el artículo 137.4 de la Ley 33/2003, de 3 de noviembre, de Patrimonio de las Administraciones Públicas, en la consideración de que dicho artículo y apartado, en la actualidad, puede estimarse de aplicación supletoria en el ámbito de la Administración Local, con la oportuna justificación a la que se refiere ese mismo artículo”.

b.6.- Segundo o establecido no art. 327, §10º, as resolucións da DGRN estimatorias dos recursos contra as notas de cualificación negativa expedidas polos Rexistradores da propiedade, unha vez publicadas no BOE, son vinculantes para todos os Rexistradores, en tanto non sexan anuladas polos Tribunais:

“Publicada en el «Boletín Oficial del Estado» la resolución expresa por la que se estime el recurso, tendrá carácter vinculante para todos los Registradores mientras no se anule por los Tribunales. La anulación de aquélla, una vez firme, será publicada del mismo modo.”

Non se predica o mesmo efecto das resolucións da DGRN desestimatorias dos recursos formulados, que polo xeral son á súa vez confirmatorias de forma parcial ou total das notas de cualificación negativa. É dicir, do ditado literal do citado parágrafo do art. 327 non se extrae que as Resolucións da DGRN sexan vinculantes en todos os supostos, ni que a doutrina do citado órgano directivo sexa vinculante 'per se' para os Rexistradores á hora de realizar a cualificación dos documentos elevados para a súa inscrición rexistral.

Porén, resulta plausible -por concordante coa doutrina da DGRN exposta- unha eventual cualificación negativa por parte do Rexistrador á solicitude de inscrición rexistral do cambio do dominio derivada dun procedemento administrativo de adxudicación directa tramitado por unha entidade local.

Sen prexuízo de que a falta de inscrición da transmisión non obstaría á validez e eficacia do título traslativo do dominio (perfectamente válido en aplicación da normativa patrimonial antedita, tendo a estes efectos a inscrición rexistral meros efectos declarativos), podería impedir a súa inscrición no Rexistro da propiedade, ou ben demoralala até a tramitación do procedemento de recurso perante a DGRN ou do procedemento xudicial ante o xulgado competente da orde xurisdiccional civil, no caso de que o pronunciamiento resultase favorable.

Toda vez que os futuros adxudicatarios das vivendas municipais poderían precisar financiamento para obter a liquidez precisa para subscribir o contrato de compravenda, e que a forma ordinaria de aseguramento do risco derivado da operación é a constitución dunha garantía hipotecaria sobre o



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

inmuble adquirido, a falta de inscrición rexistral da compravenda derivaría na imposibilidade da inscrición da hipoteca (requisito formal de carácter constitutivo), o que levaría posiblemente á frustración do negocio xurídico principal, causando prexuízos económicos tanto aos adxudicatarios como ao Concello de Vigo.

b.7.- Para evitar a incerteza advertida, o procedemento que se proporá para a adxudicación dos lotes desertos será unha poxa pública, esencialmente idéntica á tramitada no procedemento precedente do que trae causa o presente, coas seguintes especialidades, derivadas da aplicación das limitacións obxectivas e formais previstas para os supostos de adxudicación directa:

- o período de presentación de solicitudes será dun ano, con análise mensual das posturas presentadas e adxudicación coa mesma periodicidade
- as condicións dos alleamentos non serán inferiores ás establecidas no procedemento de poxa pública precedente, e en consecuencia, os tipos de saída da poxa de cada un dos lotes desertos serán os aprobados no procedemento 1768/433, por informe da

Polo demais, a modalidade da poxa pública será, ao igual que no procedemento precedente, a poxa pública á alza en sobre pechado.

3.- Especificidades do acordo de incoación derivados da normativa patrimonial

3.a) O art. 102 do RXLPAP, en desenvolvemento das previsións do art. 138.1 da LPAP (de carácter non básico), esixe os seguintes requisitos do acordo de incoación do procedemento:

- a) completa descrición do ben ou dereito
- b) inclusión no Inventario
- c) valor de taxación
- d) procedemento previsto para a súa venda

Sen prexuízo de que a norma citada non ten carácter básico, seguiranse as ditas indicacións por resultar compatibles coa normativa aplicable, nos termos indicados na Consideración Xurídica 1.a), apartado e).

O procedemento previsto para a venda das parcelas é o de poxa pública, tal e como se ven indicando no corpo do presente informe.

3.b) Tocante á completa descrición das vivendas, indícase que as 28 vivendas obxecto de alleamento conforman 28 lotes unitarios, que se allearán como corpo certo, cos seguintes datos comúns:

- carecen de anexos vinculados (non teñen nin garaxe, nin rocho, nin bodega)
- o título de adquisición das vivendas por parte do Concello de Vigo é o de adxudicación na escritura de división horizontal do edificio, outorgada o 14.09.1994 perante o notario D. Alfredo Arturo Lorenzo Otero, obrante ao n.º 2144 do Protocolo da súa razón
- os tipos de licitación non inclúen os impostos que graven a transmisión, que deberán ser



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

satisfeitos polos participantes que resulten adxudicatarios

- as superficies indicadas son as recollidas no proxecto "*Edificio de sótanos, bajo, entreplanta, nueve pisos y bajo cubierta, para 59 viviendas*", asinado polo arquitecto Dr. José A. Martín Curty e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.10.1995

TÁBOA DA TIPOLOXÍA E SUPERFICIES DAS VIVENDAS

TIPOLOXÍA DAS VIVENDAS				CADRO SUPERFICIES*			
VIVENDA TIPO	DORMT.	BAÑO	ASEO	SUPERFICIE CONSTRUIDA	SUP. PECHADA	TERRAZA	P.P ESC. E ASC.
A	3	1	1	106,43 m2	93,25 m2	5,94 m2	7,24 m2
B	3	1	1	112,65 m2	98,67 m2	6,32 m2	7,66 m2
C	2	1		79,54 m2	71,77 m2	2,20 m2	5,57 m2
D	3	2		91,18 m2	82,37 m2	2,42 m2	6,39 m2
E	2	1		76,38 m2	64,62 m2	2,97 m2	8,79 m2
F	2	1		79,99 m2	67,48 m2	3,33 m2	9,18 m2

LOTES DESERTOS NA POXA E CORRESPONDENCIA COAS VIVENDAS							
	1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º
A	LOTE 1	adxudicado	adxudicado	adxudicado	adxudicado	adxudicado	
B	LOTE 2	LOTE 8	LOTE 14	LOTE 20	adxudicado	adxudicado	LOTE 37
C	LOTE 3	LOTE 9	LOTE 15	LOTE 21	LOTE 27	LOTE 33	LOTE 38
D	LOTE 4	LOTE 10	LOTE 16	adxudicado	LOTE 28	LOTE 34	adxudicado
E	LOTE 5	LOTE 11	adxudicado	LOTE 23	LOTE 29	adxudicado	LOTE 40
F	LOTE 6	LOTE 12	LOTE 18	LOTE 24	LOTE 30	adxudicado	

3.c) A seguir detállase cada un dos 28 lotes dispoñíbles cos datos preceptuados nos apartados a, b, c do art. 102 do RXLPAP, anteriormente indicado, que son exactamente coincidentes cos detallados no procedemento de poxa pública tramitado anteriormente, do que trae causa o presente:

LOTE 1. Parcela 426 PMS			
PISO 1º A da rúa República Argentina Nº 12			
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0007Y E	SUPERFICIE CONSTRUIDA	106,43 m2
INFORMACIÓN REXISTRAL			
DESCRICIÓN	Finca rexistral Nº 83373. Urbana, sete, Vivenda A) situada no primeiro piso, do		



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

REXISTRAL	edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns cento seis metros cadrados de superficie, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita: Norte: Parcela 26 de "BADAF, S.L." e patio de parcela de luces, mancomunado co da Parcela 26; Sur: Vivenda B situada en igual planta e caixa de escaleiras; Leste: Rúa Rep. Argentina, en construción; Oeste: Patio parcela de luces, mancomunado ca Parcela 26, e caixa de escaleira. Cota na Comunidade, un enteiro trinta centésimas por cento.					
INSCRICIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRICIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	154	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	175.256,00 €					

LOTE 2. Parcela 427 PMS						
PISO 1º B da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0008UR		SUPERFICIE CONSTRUIDA		112,65 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83374. Urbana, oito, Vivenda B) situada no primeiro piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns cento doce metros cadrados de superficie, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita: Norte: Vivenda A) situada en igual planta e caixa de escaleiras e ascensor; Sur: Vivenda E) situada en igual planta con acceso polo portal dous; Leste: Rúa Rep. Argentina, en construción e Oeste: Patio de parcela de luces, vivenda C) situada en igual planta e oco de ascensor. Cota na Comunidade, un enteiro corenta centésimas por cento.					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	157	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	185.678,00 €					
LOTE 3. Parcela 428 PMS						
PISO 1º C da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0009IT		SUPERFICIE CONSTRUIDA		79,54 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83375. Urbana, nove, Vivenda C) situada no primeiro piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e oito metros cadrados de superficie, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita: Norte: Vivenda D) situada en igual planta e oco ascensor; Sur: patio de parcela de luces; Leste: vivenda B) situada en igual planta e oco ascensor e Oeste: Patio de manzá de luces a que ten fachada. Cota na Comunidade, cero enteiros setenta e cinco centésimas por cento .					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	160	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	129.169,31 €					
LOTE 4. Parcela 429 PMS						
PISO 1º D da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0010Y E		SUPERFICIE CONSTRUIDA		91,18 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83376. Urbana, dez, Vivenda D) situada no primeiro piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns noventa e tres metros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita: Norte: Parcela 26 de "BADAFA, S.L." e patio de parcela de luces, mancomunado co da Parcela 26; Sur: vivenda C) situada en igual planta e caixa de escaleira; Leste: caixa de escaleira e patio da Parcela de luces, mancomunado co da Parcela 26; Oeste: Patio de manzá de luces a que ten fachada. Cota na Comunidade, un enteiro cinco centésimas por cento.					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	163	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	148.668,00 €					
LOTE 5. Parcela 430 PMS						
PISO 1º E da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0011U R		SUPERFICIE CONSTRUIDA		76,38 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83377. Urbana, once, Vivenda E) situada no primeiro piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide					



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

REXISTRAL	uns setenta e seis metros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal dous. Limita: Norte: Vivenda B) situada en igual planta, con acceso polo portal un; Sur: Vivenda F) situada en igual planta, oco de ascensor e caixa de escaleira; Leste: rúa Rep. Argentina en construción e Oeste: Caixa de escaleiras, oco ascensor e patio de parcela de luces. Cota na Comunidade, cero enteiros noventa centésimas por cento .					
INSCRICIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRICIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	166	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	120.490,00 €					

LOTE 6. Parcela 431 PMS						
PISO 1º F da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0012IT		SUPERFICIE CONSTRUIDA		79,99 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83378. Urbana, doce, Vivenda F) situada no primeiro piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e nove metros con cincuenta decímetros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal dous. Limita: Norte: Vivenda E) situada en igual planta e caixa de escaleiras; Sur: edificio antiga Casa Oya, hoxe de "Construccions Ais, S.L."; Leste: rúa Rep. Argentina, en construción e Oeste: Caixa de escaleiras e patio de parcela de luces. Cota na Comunidade, cero enteiros noventa e cinco centésimas por cento .					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	169	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	125.878,00 €					
LOTE 8. Parcela 433 PMS						
PISO 2º B da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0014PU		SUPERFICIE CONSTRUIDA		112,65 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83380. Urbana, catorce, Vivenda B) situada no segundo piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns cento doce metros cadrados de superficie, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e					



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

	ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un. Limita: Norte: Vivenda A) situada en igual planta e caixa de escaleiras e ascensor; Sur: Vivenda E) situada en igual planta con acceso polo portal dous; Leste: Rúa Rep. Argentina, en construción e Oeste: Patio de parcela de luces, vivenda C) situada en igual planta e oco de ascensor. Cota na Comunidade, un enteiro corenta centésimas por cento.					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	175	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	188.515,67					

LOTE 9. Parcela 434 PMS						
PISO 2º C da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0015AI		SUPERFICIE CONSTRUIDA		79,54 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83381. Urbana, quince, Vivenda C) situada no segundo piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e oito metros cadrados de superficie, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita: Norte: Vivenda D) situada en igual planta e oco ascensor; Sur: patio de parcela de luces; Leste: vivenda B) situada en igual planta e oco ascensor e Oeste: Patio de manzá de luces a que ten fachada. Cota na Comunidade, cero enteiros setenta e cinco centésimas por cento .					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	178	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	131.159,35 €					
LOTE 10. Parcela 435 PMS						
PISO 2º D da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0016SO		SUPERFICIE CONSTRUIDA		91,18 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83382. Urbana, dezaseis, Vivenda D) situada no segundo piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns noventa e tres metros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita:					



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

	Norte: Parcela 26 de "BADAF, S.L." e patio de parcela de luces, mancomunado co da Parcela 26; Sur: vivenda C) situada en igual planta e caixa de escaleira; Leste: caixa de escaleira e patio da Parcela de luces, mancomunado co da Parcela 26; Oeste: Patio de manzá de luces a que ten fachada. Cota na Comunidade, un enteiro cinco centésimas por cento.					
INSCRICIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRICIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	181	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	150.950,52 €					
LOTE 11. Parcela 436 PMS						
PISO 2º E da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0017DP			SUPERFICIE CONSTRUIDA		76,38 m2
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83383. Urbana, dezasete, Vivenda E) situada no segundo piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e seis metros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal dous. Limita: Norte: Vivenda B) situada en igual planta, con acceso polo portal un; Sur: Vivenda F) situada en igual planta, oco de ascensor e caixa de escaleira; Leste: rúa Rep. Argentina en construción e Oeste: Caixa de escaleiras, oco ascensor e patio de parcela de luces. Cota na Comunidade, cero enteiros noventa centésimas por cento .					
INSCRICIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRICIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	184	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	122.345,35 €					

LOTE 12. Parcela 437 PMS			
PISO 2º F da rúa República Argentina Nº 12			
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0018FA	SUPERFICIE CONSTRUIDA	79,99 m2
INFORMACIÓN REXISTRAL			
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83384. Urbana, dezaioito, Vivenda F) situada no segundo piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e nove metros con cincuenta decímetros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal dous. Limita: Norte: Vivenda E) situada en igual planta e caixa de escaleiras; Sur: edificio antiga		



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

	Casa Oya, hoxe de "Construccions Ais, S.L."; Leste: rúa Rep. Argentina, en construción e Oeste: Caixa de escaleiras e patio de parcela de luces. Cota na Comunidade, cero enteiros noventa e cinco centésimas por cento .					
INSCRICIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRICIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	187	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	127.818,67 €					
LOTE 14. Parcela 439 PMS						
PISO 3º B da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0020DP			SUPERFICIE CONSTRUIDA		112,65 m2
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83386. Urbana, vinte, Vivenda B) situada no terceiro piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns cento doce metros cadrados de superficie, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un. Limita: Norte: Vivenda A) situada en igual planta e caixa de escaleiras e ascensor; Sur: Vivenda E) situada en igual planta con acceso polo portal dous; Leste: Rúa Rep. Argentina, en construción e Oeste: Patio de parcela de luces, vivenda C) situada en igual planta e oco de ascensor. Cota na Comunidade, un enteiro corenta centésimas por cento.					
INSCRICIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRICIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	193	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	191.353,34 €					

LOTE 15. Parcela 440 PMS			
PISO 3º C da rúa República Argentina Nº 12			
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0021FA	SUPERFICIE CONSTRUIDA	79,54 m2
INFORMACIÓN REXISTRAL			
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83387. Urbana, vinte un, Vivenda C) situada no terceiro piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e oito metros cadrados de superficie, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita: Norte: Vivenda D) situada en igual planta e oco ascensor; Sur: patio de parcela de luces; Leste: vivenda B) situada en igual planta e oco ascensor e Oeste: Patio de manzá de luces a que ten fachada. Cota		



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

na Comunidade, cero enteiros setenta e cinco centésimas por cento .						
INSCRICIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRICIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	196	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	133.149,43 €					
LOTE 16. Parcela 441 PMS						
PISO 3º D da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0022GS			SUPERFICIE CONSTRUIDA		91,18 m2
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83388. Urbana, vinte dous, Vivenda D) situada no terceiro piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns noventa e tres metros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita: Norte: Parcela 26 de "BADAF, S.L." e patio de parcela de luces, mancomunado co da Parcela 26; Sur: vivenda C) situada en igual planta e caixa de escaleira; Leste: caixa de escaleira e patio da Parcela de luces, mancomunado co da Parcela 26; Oeste: Patio de manzá de luces a que ten fachada. Cota na Comunidade, un enteiro cinco centésimas por cento.					
INSCRICIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRICIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	199	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	153.233,00 €					

LOTE 18. Parcela 443 PMS						
PISO 3º F da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0024JF			SUPERFICIE CONSTRUIDA		79,99 m2
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83390. Urbana, vinte catro, Vivenda F) situada no terceiro piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e nove metros con cincuenta decímetros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal dous. Limita: Norte: Vivenda E) situada en igual planta e caixa de escaleiras; Sur: edificio antiga Casa Oya, hoxe de "Construccions Ais, S.L."; Leste: rúa Rep. Argentina, en construción e Oeste: Caixa de escaleiras e patio de parcela de luces. Cota na Comunidade, cero enteiros noventa e cinco centésimas por cento .					



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

INSCRICIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRICIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	205	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	129.759,34 €					
LOTE 20. Parcela 445 PMS						
PISO 4º B da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0026LH		SUPERFICIE CONSTRUIDA		112,65 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83396. Urbana, trinta Vivenda F) situada no cuarto piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e nove metros con cincuenta decímetros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal dous. Limita: Norte: Vivenda E) situada en igual planta e caixa de escaleiras; Sur: edificio antiga Casa Oya, hoxe de "Construccions Ais, S.L."; Leste: rúa Rep. Argentina, en construción e Oeste: Caixa de escaleiras e patio de parcela de luces. Cota na Comunidade, cero enteiros noventa e cinco centésimas por cento .					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1556	1556	223	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	131.700,00 €					

LOTE 27. Parcela 452 PMS						
PISO 5º C da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0033M B		SUPERFICIE CONSTRUIDA		79,54 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83399. Urbana, trinta e tres, Vivenda C) situada no quinto piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e oito metros cadrados de superficie, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita: Norte: Vivenda D) situada en igual planta e oco ascensor; Sur: patio de parcela de luces; Leste: vivenda B) situada en igual planta e oco ascensor e Oeste: Patio de manzá de luces a que ten fachada. Cota na Comunidade, cero enteiros setenta e cinco centésimas por cento .					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1561	1561	7	29/09/2011



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

TIPO LICITACIÓN	137.129,47 €					
LOTE 28. Parcela 453 PMS						
PISO 5º D da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0034Q Z	SUPERFICIE CONSTRUIDA			91,18 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83400. Urbana, trinta e catro, Vivenda D) situada no quinto piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns noventa e tres metros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita: Norte: Parcela 26 de "BADAF, S.L." e patio de parcela de luces, mancomunado co da Parcela 26; Sur: vivenda C) situada en igual planta e caixa de escaleira; Leste: caixa de escaleira e patio da Parcela de luces, mancomunado co da Parcela 26; Oeste: Patio de manzá de luces a que ten fachada. Cota na Comunidade, un enteiro cinco centésimas por cento.					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1561	1561	10	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	157.798,08 €					
LOTE 29. Parcela 454 PMS						
PISO 5º E da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0035W X	SUPERFICIE CONSTRUIDA			76,38 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83401. Urbana, trinta e cinco, Vivenda E) situada no quinto piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e seis metros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal dous. Limita: Norte: Vivenda B) situada en igual planta, con acceso polo portal un; Sur: Vivenda F) situada en igual planta, oco de ascensor e caixa de escaleira; Leste: rúa Rep. Argentina en construción e Oeste: Caixa de escaleiras, oco ascensor e patio de parcela de luces. Cota na Comunidade, cero enteiros noventa centésimas por cento .					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1561	1561	13	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	127.911,40 €					

LOTE 30. Parcela 455 PMS



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

PISO 5º F da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0036E M		SUPERFICIE CONSTRUIDA		79,99 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83402. Urbana, trinta e seis Vivenda F) situada no quinto piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e nove metros con cincuenta decímetros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal dous. Limita: Norte: Vivenda E) situada en igual planta e caixa de escaleiras; Sur: edificio antiga Casa Oya, hoxe de "Construccions Ais, S.L."; Leste: rúa Rep. Argentina, en construción e Oeste: Caixa de escaleiras e patio de parcela de luces. Cota na Comunidade, cero enteiros noventa e cinco centésimas por cento .					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1561	1561	16	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	133.640,68 €					

LOTE 33. Parcela 458 PMS						
PISO 6º C da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0039Y E		SUPERFICIE CONSTRUIDA		79,54 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83405. Urbana, trinta e nove, Vivenda C) situada no sexto piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e oito metros cadrados de superficie, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita: Norte: Vivenda D) situada en igual planta e oco ascensor; Sur: patio de parcela de luces; Leste: vivenda B) situada en igual planta e oco ascensor e Oeste: Patio de manzá de luces a que ten fachada. Cota na Comunidade, cero enteiros setenta e cinco centésimas por cento .					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1561	1561	25	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	139.782,85 €					
LOTE 34. Parcela 459 PMS						
PISO 6º D da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0040R Q		SUPERFICIE CONSTRUIDA		91,18 m2	



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83406. Urbana, corenta, Vivenda D) situada no sexto piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns noventa e tres metros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita: Norte: Parcela 26 de "BADAF, S.L." e patio de parcela de luces, mancomunado co da Parcela 26; Sur: vivenda C) situada en igual planta e caixa de escaleira; Leste: caixa de escaleira e patio da Parcela de luces, mancomunado co da Parcela 26; Oeste: Patio de manzá de luces a que ten fachada. Cota na Comunidade, un enteiro cinco centésimas por cento.					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1561	1561	28	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	160.841,44 €					

LOTE 37. Parcela 463 PMS						
PISO 7º B da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0044IT	SUPERFICIE CONSTRUIDA		112,65 m2		
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83410. Urbana, corenta e catro, Vivenda B) situada no sétimo piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns cento doce metros cadrados de superficie, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un. Limita: Norte: Vivenda A) situada en igual planta e caixa de escaleiras e ascensor; Sur: Vivenda E) situada en igual planta con acceso polo portal dous; Leste: Rúa Rep. Argentina, en construción e Oeste: Patio de parcela de luces, vivenda C) situada en igual planta e oco de ascensor. Cota na Comunidade, un enteiro corenta centésimas por cento.					
INSCRIPCIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRIPCIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1561	1561	40	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	204.595,80 €					
LOTE 38. Parcela 464 PMS						
PISO 7º C da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0045OY	SUPERFICIE CONSTRUIDA		79,54 m2		
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRIPCIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83411. Urbana, corenta e cinco, Vivenda C) situada no sétimo piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns					



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

	setenta e oito metros cadrados de superficie, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal un, cuxa fachada principal se orienta a patio de mazá. Limita: Norte: Vivenda D) situada en igual planta e oco ascensor; Sur: patio de parcela de luces; Leste: vivenda B) situada en igual planta e oco ascensor e Oeste: Patio de manzá de luces a que ten fachada. Cota na Comunidade, cero enteiros setenta e cinco centésimas por cento .					
INSCRICIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRICIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1561	1561	43	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	142.436,24 €					

LOTE 40. Parcela 466 PMS						
PISO 7º E da rúa República Argentina Nº 12						
REFERENCIA CATASTRAL	3364014NG2736S0047AI		SUPERFICIE CONSTRUIDA		76,38 m2	
INFORMACIÓN REXISTRAL						
DESCRICIÓN REXISTRAL	Finca rexistral Nº 83413. Urbana, corenta e sete, Vivenda E) situada no sétimo piso, do edificio sen número sito na rúa República Argentina desta cidade de Vigo. Mide uns setenta e seis metros cadrados, incluída a parte proporcional que lle corresponde en elementos comúns da caixa de escaleira e ascensor. Ten o seu acceso polo Portal dous. Limita: Norte: Vivenda B) situada en igual planta, con acceso polo portal un; Sur: Vivenda F) situada en igual planta, oco de ascensor e caixa de escaleira; Leste: rúa Rep. Argentina en construción e Oeste: Caixa de escaleiras, oco ascensor e patio de parcela de luces. Cota na Comunidade, cero enteiros noventa centésimas por cento .					
INSCRICIÓN REXISTRAL	REX. DA PROPIEDAD	INSCRICIÓN	TOMO	LIBRO	FOLIO	DATA
	Nº 1	1ª	1561	1561	49	29/09/2011
TIPO LICITACIÓN	132.859,00 €					

1.d.- O servizo xestor é o Servizo de Vivenda e PMS, situado no 1º andar da sede da Xerencia Municipal de Urbanismo (Praza do Rei, s/n, 36201 Vigo), con teléfono 986 810 350 e FAX 986 224 780, e perfil do contratante publicado na páxina de internet corporativa do Concello de Vigo (hoxe.vigo.org). O horario de atención ao público é de luns a venres, de 9:00 a 13:30 horas.

2. NATUREZA XURÍDICA

O contrato regulado polo presente prego de condicións ten o carácter de patrimonial, de acordo co previsto na letra p) do artigo 4 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector público -en adiante TRLCSP- (BOE n.º 276, de 16.11.2011), e no artigo 177.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia -en adiante LOUGA- (Diario Oficial de Galicia -DOG- n.º 252, de 31 de decembro de 2002).

3. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

O procedemento para a resolución das situacións de concorrencia é o de poxa pública á alza, de conformidade co disposto no art. 80 do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (BOE n.º 96, de 22.04.1986, TRRL), e do art. 277.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia (DOG n.º 149, de 05.08.1997, LALGA), e a sensu contrario no art. 112 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (BOE n.º 161, de 07.07.1986, RBEL).

A modalidade da poxa é a de sobre pechado, consonte o disposto no art. 137.2 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas (BOE n.º 264, de 04.11.2003, en adiante LPAP), en relación cos arts. 103 a 108 do seu regulamento xeral, aprobado por Real decreto 1373/2009, de 28 de agosto (BOE n.º 226, de 18.09.2009, RXLPAP).

4. TIPO DE LICITACIÓN

a) Conforme o disposto no artigo 177.2 da LOUGA, o alleamento dos bens do patrimonio público do solo non será por prezo inferior ao do seu aproveitamento urbanístico.

b) O tipo de licitación de cada vivenda é o establecido no procedemento de poxa pública en sobre pechado precedente (exp. 1768/433), que se detalla na seguinte táboa estruturada por andar (columna) e letra (fila):

	1º	2º	3º	4º	5º	6º	7º
A	175.256,00 €	adxudicado	adxudicado	adxudicado	adxudicado	adxudicado	
B	185.678,00 €	188.515,67 €	191.353,34 €	194.191,00 €	adxudicado	adxudicado	204.595,80 €
C	129.169,31 €	131.159,35 €	133.149,43 €	135.139,43 €	137.129,47 €	139.782,85 €	142.436,24 €
D	148.668,00 €	150.950,52 €	153.233,00 €	adxudicado	157.798,08 €	160.841,44 €	adxudicado
E	120.490,00 €	122.345,35 €	adxudicado	126.056,00 €	127.911,40 €	adxudicado	132.859,00 €
F	125.878,00 €	127.818,67 €	129.759,34 €	131.700,00 €	133.640,68 €	adxudicado	

Os imposto de transmisións patrimoniais onerosas será de conta do adxudicatario.

5. GASTOS

De conformidade co art. 98.2 do RXLPAP, serán de conta dos adxudicatarios todos os impostos e gastos de calquera tipo que deriven do presente contrato, incluídos os de outorgamento da escritura pública e as súas copias, e os correspondentes aos dereitos arancelarios da inscrición no Rexistro da Propiedade.



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

Os gastos ocasionados polos anuncios non gratúitos serán tamén asumidos polos adquirentes, na contía proporcional ao número de lotes de que resulten adxudicatarios sobre o total, até unha contía máxima de 400,00 euros por vivenda.

6. FIANZA

6.1.- Para concorrer ao procedemento de alleamento, os licitadores deberán depositar na Tesouraría unha contía equivalente ao 5% do tipo de licitación do lote ao que concorran en concepto de fianza, de conformidade co art. 137.6 da LPAP, sen que en ningún caso outorgue dereito algún á adxudicación de ningún dos lotes ao depositante.

No caso de que o licitador opte por constituír a fianza en metálico, deberá obter, con carácter previo ao depósito, as indicacións oportunas do departamento de Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, sita na planta baixa da sede da Xerencia (Praza do Rei, s/n, Vigo), teléfono 986 810 346, e con horario de atención ao público de luns a venres de 9:00 a 13:30 horas.

6.2.- O réxime xurídico da garantía, no tocante á súa constitución, incautación e restitución, será o previsto no TRLCSP e no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (BOE n.º 257, de 26.10.2001; en diante RXLCAP), en todo o que non contradiga ao TRLCSP.

Para a admisión dun aval en garantía provisional, este deberá ser solidario respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de previa excusión e pagadoiro ao primeiro requirimento da Tesourería Municipal; así mesmo, deberá ser de duración indefinida, permanecendo vixente ata que se resolva expresamente a procedencia da súa devolución.

No caso de que se opte por prestar a fianza mediante seguro de caución, presentárase certificado do contrato individual de seguro, expedido pola entidade aseguradora.

6.3.- As fianzas responderán da firmeza das posturas formuladas até o momento en que se efectúen as adxudicacións, en que procederá a súa devolución aos licitadores que non resulten adxudicatarios.

Para o caso dos adxudicatarios, a fianza responderá ademais do outorgamento da escritura pública de compravenda, e será aplicada o pagamento parcial do prezo no caso de que se depositase en efectivo, de conformidade co disposto no pfo. 4º do art. 137.6 da LPAP, sen que tal aplicación supoña un aprazamento de pago.

7. REQUISITOS DE CAPACIDADE

De conformidade co art. 95.2 do RXLPAP, poderán presentar posturas as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar de acordo co previsto no Código Civil, e non solicitasen ou fosen declaradas en concurso ou insolventes en calquera



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

procedemento, estean suxeitas e intervención xudicial ou fosen inhabilitadas consonte a Lei 22/2003, de 9 de xullo, Concursal, e non estean afectadas por ningunha das causas de prohibición que enumera o artigo 60 do TRLCSP.

Non se admitirán posturas baixo a modalidade de cesión a terceiro, polo que o licitador deberá ofertar para si ou para o seu mandante.

8. PRESENTACIÓN DE OFERTAS

8.1 Lugar e prazo de presentación

8.1.A) Os licitadores presentarán as súas posturas por escrito presentado no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo, de luns a venres de 9.00 a 13.30, e os sábados no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, de 9.00 a 13.00.

O prazo de presentación será de UN ANO contado dende a publicación no DOG e no BOP da apertura da convocatoria.

A Mesa de contratación reunirse con periodicidade mensual para o análise das posturas presentadas e a elevación da proposta de adxudicación do lote que corresponda ao órgano de contratación. A listaxe de vivendas dispoñibles será permanentemente actualizada no perfil do contratante.

8.1.B) Se os licitadores optan por presentar as súas propostas por outro dos medios sinalados no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE n.º 285, de 27.11.1992), os licitadores deberán xustificar a data de presentación e anunciar ao órgano de contratación a presentación do escrito por fax ou telegrama no mesmo día.

De non cumprirse ambos requisitos, a proposición non será admitida se é recibida na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

8.2 Forma

Os licitadores que desexen concorrer á poxa obxecto do presente prego presentarán por cada lote que desexen adquirir un sobre pechado e asinado por eles mesmos ou persoa que os represente, no que se indicarán ademais do nome do licitador, o título da licitación: "PROCEDIMENTO PARA O ALLEAMENTO DAS 28 VIVENDAS MUNICIPAIS NA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA, 12-14, DECLARADAS DESERTAS NA POXA PÚBLICA PRECEDENTE. EXP. 1806/433".

Dentro do sobre conterase a documentación esixida para tomar parte na licitación, consonte o modelo recollido no ANEXO I do presente prego, e en sobre pechado (que se introducirá no sobre de licitación), a oferta económica coa postura para o lote a que concorra, consonte o modelo recollido no Anexo II do presente prego (art. 108.b RXLPAP).



CONCELLO DE VIGO
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

A) CONTIDO DO SOBRE

No sobre que presente o licitador, deberán incluírse obrigatoriamente, ademais do sobre pechado no que se conteña a oferta económica, os seguintes documentos:

a) Documento acreditativo do depósito na Tesouraría da fianza polo 5% do tipo de licitación do lote correspondente.

b) Documento acreditativo da personalidade. Se se trata dunha persoa física ou empresario individual: fotocopia do DNI, pasaporte, NIF ou documento que o substitúa.

No suposto de que o licitador sexa unha persoa xurídica, deberá presentar orixinal ou copia autenticada da escritura de constitución -e modificacións, no seu caso- e deberá estar inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, bastará coa presentación de escritura orixinal ou copia autenticada do documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade.

As empresas comunitarias non españolas, ou as de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, deberán acreditar a capacidade de obrar mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

c) Poderes: Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, o representante deberá acompañar copia do seu DNI xunto co orixinal ou copia autenticada da escritura de poder para representar á persoa ou entidade en cuxo nome concorre ante a Administración actuante.

d) Declaración responsable expresa de que o licitador non incorre en ningunha das prohibicións para contratar, que incluírá a manifestación de estar ao corrente nas obrigas tributarias e da Seguridade Social, sen prexuízo da obriga do licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa de acreditálo documentalmente mediante os correspondentes certificados antes da adxudicación -incluída no modelo de presentación da documentación administrativa-.

B) FORMA DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA

8.2.B.- A proposición económica incluírase dentro do sobre de licitación, nun sobre pechado no que se conterá a postura formulada para o Lote ao que se concorra, na que se sinalará o importe, segundo o modelo indicado no ANEXO II do presente prego.

As cifras consignadas entenderanse sempre sen incluír os impostos que graven a transmisión, que



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

serán en todo caso de conta do adxudicatario.

O sobre pechado coa oferta económica deberá estar rotulado exteriormente co nome do licitador.

Ningún licitador poderá formular varias ofertas para o mesmo lote. A formulación de varias ofertas sobre o mesmo lote dará lugar á exclusión do licitador.

8.3 Vinculación dos licitadores ao presente prego

A presentación das propostas supón a aceptación incondicional polos licitadores da totalidade das cláusulas do presente prego, sen salvidade ou reserva algunha, e constitúe aos licitadores na obriga de cumprir o contrato se lles fose adxudicado, mantendo a súa oferta até o momento da subscrición da escritura pública de compravenda.

No caso de que non se formalice o contrato por causa imputable ao adxudicatario, xa sexa polo seu desistimento ou pola imposibilidade de dispor dos fondos ou do financiamento preciso para o pagamento do prezo de adxudicación máis os impostos e gastos que procedan, resolverase a adxudicación con incautación da fianza depositada, sen prexuízo da indemnización que no seu caso proceda polos danos e perdas causados ao Concello de Vigo.

9. MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de contratación constituirase como órgano de asistencia ao órgano de contratación coa seguinte composición:

Presidente: O Alcalde-Presidente da XMU, ou membro do Consello da XMU en quen delegue.

Vogais: Un/ha membro/a do Consello XMU designado/a polo Grupo Municipal PP
Un/ha membro/a do Consello XMU designado/a polo Grupo Municipal BNG
O Secretario da XMU, ou técnico de administración xeral en que delegue
O Interventor Xeral do Concello, ou funcionario en que delegue
A xefa de Asesoramento Xurídico da XMU
A xefa da Área Técnica da XMU
O xefe dos Servizos Centrais da XMU
O técnico de administración xeral da Oficina de vivenda e PMS da XMU (con voz e sen voto)

Secretaría: A xefa da Oficina de Secretaría da XMU ou administrativo/a da XMU no que delegue, para a realización das funcións auxiliares asociadas á secretaría da Mesa

A composición da Mesa publicarase no perfil do contratante de forma independente ao presente prego.

Para a válida constitución da Mesa, requirirase a presenza do Presidente ou membro do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en quen delegue, do Secretario da XMU e do Interventor ou dos funcionarios de carreira ou persoal laboral ao servizo do Concello de Vigo en que delegasen, e en todo caso, a metade dos seus membros.



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

10. SESIÓNS DA MESA DE CONTRATACIÓN. EXAME DAS OFERTAS E PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN

10.1 A Mesa de contratación reunirse con periodicidade mensual na sede da Xerencia Municipal de Urbanismo, ás 11:00 horas do primeiro venres de cada mes, para o análise das posturas presentadas no mes inmediatamente anterior, salvo no caso de que non se presentase ningunha oferta.

A primeira sesión da Mesa queda convocada de forma xenérica para as 11:00 horas do primeiro venres do mes seguinte a aquel en que se publique o último anuncio da convocatoria, sexa no BOP de Pontevedra, ou ben no DOG.

A última sesión da mesa de contratación celebrarase ás 11:00 horas do primeiro venres seguinte ao día en que transcorra o prazo dun ano, contado dende o día da publicación do último anuncio da convocatoria, que operará como último día para a presentación de ofertas.

No caso de que non resulte posible por razóns de servizo, o Presidente convocará á Mesa para o día e hora máis próximos posible, que será comunicada a todos os seus membros.

As convocatorias das sesións da Mesa de contratación publicaranse no perfil do contratante, ao menos cun día de antelación ao da súa celebración.

10.2 A Mesa comprobará en primeiro lugar o certificado das ofertas presentadas, que comprenderá unha relación das ofertas presentadas no período obxecto de análise que corresponda.

A continuación, examinará a documentación indicada no apartado 8.2.A do presente prego. No caso de que se observase algún defecto susceptible de ser aclarado ou completado, acordarase conceder ao licitador que incorrese no mesmo o prazo máximo de 3 días hábiles para a emenda da solicitude, cursando a notificación por medios telemáticos.

Non se admitirán á poxa aos licitadores que non presentasen a documentación requirida, nin a aqueles que formulen varias posturas sobre o mesmo lote.

Tampouco serán admitidos os licitadores que formulen ofertas sobre lotes que non estean dispoñibles, xa sexa por ter sido adxudicados con anterioridade polo órgano de contratación, ou por terse formulado pola Mesa de Contratación a proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

No caso de que as ofertas non sexan admitidas, resolverase de oficio a devolución das fianzas depositadas, nos termos previstos na normativa reguladora, sen que xere dereito algún a indemnización polos gastos derivados da presentación da postura, no seu caso.

10.3 Terminada a fase de cualificación de documentos, procederase á apertura da sesión ao público, darase lectura da lista de licitadores admitidos e a continuación abriranse os sobres que conteñan as proposicións económicas dos licitadores admitidos.

Para o caso de que nas proposicións económicas existise discrepancia entre o número de lote



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

indicado e a vivenda correspondente -que requiren consignación simultánea para evitar erros-, resolverase no acto se o licitador estivese presente, ou requirírase ao mesmo por medios telemáticos para que se pronuncie ao respecto no prazo de 3 días; no caso de que non se obteña o pronunciamento do licitador para a resolución da discrepancia, desbotarase a oferta formulada.

A mesa ordenará todas as posturas formuladas polos licitadores, por orde decrecente da súa contía para cada un dos lotes sobre os que se presente oferta.

A continuación, analizaranse os lotes por orde ascendente, dando lectura á postura máis elevada e ao nome do licitador que a formulara, e a Mesa propondrá a súa adxudicación ao órgano de contratación.

A Mesa poderá solicitar a asistencia dos servizos administrativos e informáticos para o tratamento dos datos, a fin de realizar as funcións previstas.

10.4 Se existise un empate entre as mellores ofertas en algún dos lotes, decidírase no acto se estivesen presentes os licitadores, abríndose unha poxa “á llana”, na que se conminará aos licitadores igualados a que formulen de viva voz posturas adicionais de 1.000,00 en 1.000,00 euros sobre a cifra ofrecida no sobre pechado, e a Mesa propondrá a adxudicación do lote a quen presente a oferta acumulada máis elevada.

Se algún dos licitadores empatados nas súas posturas sobre un dos lotes non estivera presente, a Mesa ordenará que sexan citados de forma telemática para a celebración do acto indicado no parágrafo anterior en sesión pública dentro dos tres días hábiles seguintes.

No caso de que ningún licitador empatado estivese presente, ou os ausentes citados non comparezan, resolverase o empate mediante sorteo entre todos os empatados por insaculación, e proseguirase coa análise das posturas.

10.5 Do resultado de cada sesión levantarase acta, na que se incluírán as propostas de adxudicación efectuadas pola Mesa, sen que vinculen ao órgano competente nin xeren dereito algún para o mellor postor de cada lote.

Os lotes sobre os que se formule proposta de adxudicación serán publicados no Perfil do Contratante, con referencia expresa a que os mesmos deixan de estar dispoñibles para futuros licitadores.

O órgano competente adxudicará o contrato dentro do prazo dos 15 días seguintes á celebración da última sesión da Mesa de Contratación; as adxudicacións serán publicadas no Perfil do Contratante.

10.6 Os licitadores que resulten adxudicatarios deberán presentar no prazo máximo de 10 días hábiles dende a notificación da adxudicación do contrato ao seu favor a documentación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, presentando os correspondentes certificados; a comprobación de que o adxudicatario non teña pendentes débedas de natureza tributaria en período executivo co Concello de Vigo será realizada de oficio.



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

10.7 A última sesión da Mesa de contratación celebrárase ás 11.00 horas do primeiro venres seguinte ao día en que termine o prazo dun ano dende a publicación do último anuncio da convocatoria, con independencia de que se presentasen ou non posturas no período computable.

Nesta sesión, de forma adicional ás funcións indicadas nos apartados anteriores, a Mesa propondrá ao órgano de contratación a declaración como desertos daqueles lotes que non resultasen adjudicados nas sesións anteriores, ou sobre os que non se formule proposta de adjudicación na última sesión.

Esta sesión non se celebrará de terse adjudicado a totalidade dos lotes nas sesións mensuais anteriores da Mesa de Contratación.

11. RENUNCIA DA CELEBRACIÓN DO CONTRATO OU DESISTIMENTO DO PROCEDIMENTO

No caso de que o órgano de contratación renuncie á celebración do contrato ou decida reiniciar o procedemento para a súa adjudicación, ou acorde desistir do procedemento, notificarao aos licitadores, que terán dereito á compensación dos gastos en que tivesen incorrido de acordo cos principios xerais que rexen a responsabilidade patrimonial da Administración.

Só poderá renunciarse á celebración dos contratos por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente.

O desistimento deberá estar fundado na comisión de infraccións non emendables das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adjudicación, debendo xustificarse no expediente a causa conconrente.

12. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

Os contratos formalizaranse en escritura pública no prazo dun mes dende a notificación aos adjudicatarios do acordo de adjudicación. A estes efectos, os adjudicatarios deberá concorrer o día e hora que se sinala perante o notario que corresponda para o outorgamento da escritura de compravenda.

As transmisións da propiedade serán inscritas no Rexistro da Propiedade, a cargo dos adjudicatarios.

13. OBRIGAS DOS ADJUDICATARIOS

13.1 Pago do prezo

O prezo do contrato farase efectivo nunha única vez, non admitíndose o aprazamento de pago.

O pagamento do prezo da/s vivenda/s adjudicadas efectuarase no prazo improrrogable dos vinte días seguintes á data de notificación do acordo de adjudicación, mediante ingreso do seu importe na



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

SECRETARÍA

Tesouraría da Xerencia Municipal de Urbanismo -que expedirá documento acreditativo-, ou no mesmo acto de outorgamento da escritura pública mediante entrega de cheque bancario ou conformado nominativo en favor da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo polo importe de adxudicación, sendo ambos supostos obxecto de protocolización ante o Notario.

Se o adxudicatario non realizara o ingreso no prazo indicado ou non comparecera á formalización do contrato de compravenda, seralle incautada a cantidade depositada en concepto de fianza.

A transmisión está suxeita ao imposto de transmisións patrimoniais onerosas, que deberá ser liquidado polo adxudicatario perante o órgano competente da Administración Autonómica. Non caberá reclamación por mor da aplicación ao prezo de adxudicación das normas tributarias vixentes, nin polo exercicio pola Administración tributaria de Galicia das facultades legalmente atribuídas para a práctica das liquidacións tributarias.

A modo informativo indícase que, con carácter xeral, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas o tipo do imposto é do 10%. Porén, nas transmisións de inmobles que constitúan a vivenda habitual do contribuínte o tipo é do 8%, cando a suma do patrimonio dos adquirentes non sobrepase a cifra de 200.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar. Aplícase un tipo do 4% nos supostos de adquisición de vivenda habitual por: (i) discapacitados (minusvalía igual ou superior ao 65%); (ii) familias numerosas e (iii) menores de trinta e seis anos, todo elo cos requisitos previstos no art. 14 do Decreto lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, precepto redactado conforme o número Un do art. 74 da Lei 2/2013, de 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2013.

13.2 Gastos do contrato

Consonte o establecido na Cláusula 5ª, os adxudicatarios asumirán o custe dos dereitos arancelarios polo outorgamento da escritura pública de compravenda e as súas copias, así como os correspondentes á inscrición no Rexistro da propiedade.

En todo caso, o pagamento da parte proporcional dos gastos polos anuncios non gratuítos até a contía máxima indicada na Cláusula 5ª, efectuaranse polos adxudicatarios con carácter previo ao outorgamento da escritura pública.

O pagamento realizarase na Tesouraría da Xerencia Municipal de Urbanismo.

13.3 Inscrición no Rexistro da propiedade

Os adxudicatarios terán que inscribir ao seu nome no Rexistro da propiedade as vivendas que lles sexan alleadas, e remitir á Xerencia Municipal de Urbanismo orixinal ou copia do documento acreditativo da inscrición. Deberán proceder así mesmo a cambiar a titularidade no Catastro.

Serán de conta exclusiva dos adxudicatarios os gastos ocasionados pola inscrición rexistral, así como o custe de expedición da documentación acreditativa da inscrición que se remita á Xerencia Municipal de Urbanismo.



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

14. RENUNCIA DOS ADXUDICATARIOS

No caso de que os adxudicatarios renunciaren expresamente aos contratos que lles fosen adxudicados, ou non cumprisen coas obrigas que lles corresponden -incluída a falta de comparecencia ao acto de subscripción da escritura pública de compravenda sen causa xustificada-, dará lugar á resolución da adxudicación, con perda do depósito constituído en concepto de fianza, sen prexuízo da indemnización das eventuais perdas que se tivesen ocasionado ao Concello de Vigo.

15. INTERPRETACIÓN

A Administración licitante resérvase a facultade para interpretar as dúbidas que poidan xurdir na interpretación do presente prego de condicións.

16. LEXISLACIÓN APLICABLE

O alleamento rexeráse, en canto ao non previsto neste prego de condicións sobre a súa preparación, competencia e adxudicación, polas disposicións do ordenamento xurídico-administrativo que lle sexan aplicables, e polo dereito civil no referido ao seu contido substantivo e efectos.

17. XURISDICIÓN COMPETENTE

Dada a natureza privada do contrato, corresponderá á orde xurisdiccional civil o coñecemento das cuestións litixiosas, exceptuando os actos de preparación e adxudicación, que serán impugnables ante a xurisdicción contencioso-administrativa.

Os licitadores sométense aos xulgados da Cidade de Vigo, con renuncia expresa a calquera outro foro ou privilexio que lles correspondera.

Todo elo sen prexuízo das potestades que legalmente lle corresponden á Administración.

ANEXO I: MODELO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

D./D.^a _____, con DNI/NIE núm. _____ e enderezo para os efectos de notificacións en _____ en nome propio (ou en representación de _____, con DNI/CIF/NIE núm. _____), ao tanto do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra/Diario Oficial de Galicia do día _____, manifesta a súa vontade de participar no procedemento para o alleamento por lotes das vivendas municipais da rúa República Argentina, 12-14 declaradas desertas no procedemento de poxa pública precedente e acepta expresamente e sen reservas o prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, que declara coñecer (exp. 1806/433)

Datos do licitador:

- Nome ou denominación social:



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

- Nome e apelidos do representante:
- Enderezo do licitador:
- Teléfono do licitador:
- Fax do licitador:
- Enderezo electrónico do licitador:

Lote ao que se presenta:

LOTE ANDAR LETRA

Xúntase a seguinte documentación:

- Resgardo do depósito da fianza (5% do tipo de licitación do lote) ☐
- Documento acreditativo da personalidade xurídica do licitador ☐
- Orixinal ou copia autenticada da escritura de poder (no seu caso) ☐
- Sobre pechado coa oferta económica ☐

O licitador declara responsablemente, aos efectos do disposto na cláusula 8.2.A.d do prego de condicións económico-administrativas e da normativa de pertinente aplicación, que cumpre cos requisitos para participar na poxa, e se atopa ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias (estatais, autonómicas e municipais) e coa Seguridade Social, e asume expresamente a súa obriga de presentar os certificados acreditativos no caso de que resulte adxudicatario do contrato.

Vigo, _____ de _____ de 20__

(sinatura do proponente e selo -no seu caso-)

Nome do proponente

ANEXO II: MODELO DE PRESENTACIÓN DA POSTURA/OFERTA ECONÓMICA

D./D.^a _____, con DNI/NIE
núm. _____ e enderezo para os efectos de notificacións en
_____ en nome propio (ou en representación de
_____, con DNI/CIF/NIE núm. _____), ao tanto
do anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra/Diario Oficial de Galicia do
día _____, e dos requisitos e condicións necesarios para participar no
procedemento exp. 1806/433 convocado pola Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de
Vigo para o alleamento por lotes das 28 vivendas municipais na rúa República Argentina, 12-14
declaradas desertas no procedemento de poxa pública precedente, formula a seguinte oferta
económica:

LOTE ANDAR LETRA POSTURA/OFERTA

€



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

- *As posturas fórmulanse sen incluír os impostos que graven a transmisión, que se engadirán ao prezo de adxudicación e serán sufragados polos que resulten adxudicatarios.*

Vigo, _____ de _____ de 20__

(sinatura do proponente e selo -no seu caso-)

Nome do proponente

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo, o tres de outubro de dous mil catorce.

Me/Vº e Pº.

A Vicepresidenta da XMU

María del Carmen Silva Rego



14